



Festas de San Ramón en Vilalba

Os veciños e visitantes celebraron por todo o alto unha das festas más recoñecidas da provincia, as patronais de San Ramón e Santa María de Vilalba, que contaron cun amplio programa de actos que se estenderon desde o inicio oficial das festas, coa Xira dos Maiores na área recreativa da Magdalena —aínda que xa houbo algúns actos previos—, ata o tradicional Día das Parroquias, dedicado este ano á de Insua. Dúas intensas xornadas de festa infantil mantiveron máis que entretidos con xogos e hinchables aos máis pequenos, que tamén gozaron con diferentes espectáculos de teatro ou maxia, así como coa tradicional Festa da

Bicicleta que organiza o Espazo Xove, e na que tamén participaron moitos maiores, ata superar as 1.400 persoas. A animación musical foi moiada e moi variada: houbo pasarrúas con música tradicional, aos que por primeira vez dende hai anos se sumaron os cabezudos, e tamén a Foliada do 30, na que participaron os grupos de música tradicional de Vilalba. As corais locais, dúas rondallas e varias bandas de música tamén se sumaron aos festexos, así como as ineludibles orquestras, que amenizaron sesións vermú e multitudinarias verbenas. O Museo de Prehistoria organizou un paseo pola vila e, por suposto, non faltou o clásico Certame Literario, que incluíu o pregón do químico Alejandro Criado. Fotos de **Mancebo/Arias/Pérez**.



mer', «un libro duro e emotivo» e unha reflexión sobre a perda da memoria ante unha enfermidade que lle tocou de preto, coa morte da súa nai.

O vilalbés Martiño Maseda, despois, destacou o papel da palabra e a importancia de ler na busca dun pobo que «fala e escoita en liberdade». Deso, e da defensa da lingua galega, trata o seu libro titulado 'Entre as paredes do silencio', que presentou onte, tras acadar o segundo premio na edición do 2011.

Xoán Xosé Piñeiro Cochón, o gran gañador do ano pasado, comparou a persistencia do certame vilalbés cun milagre atribuído a San Ramón e falou de amor, cor das e cerrollos con 'Quenda de catividade', unha obra escrita nunha medida «extemporánea» como é o soneto, que suma máis de 700 anos de historia.

Un chairego, e tamén un clásico do certame, Xosé Otero Canto —acadou premios no 2007, 2008 e 2009—, pechou as presentacións literarias con 'Nenias chairegas', que obtivo o segundo premio en 2012, e que, lonxe de falar de amor, recolle cantos fúnebres, como describiu o autor.

O alcalde de Vilalba, Gerardo Criado, puxo o punto final ao acto e comprometeuse a loitar non só para que o certame chegue ás catro décadas, senón para que «se manteña vivo outros 40 anos máis».

O rexedor dedicou agradeamientos a todos aqueles que fan posible sostener esta celebración e subliñou «a longa tradición cultural de Vilalba e da súa comarca», algo que o Concello «non pode obviar», dixo, mentres destacaba a figuras da cultura vilalbesa entre o público como o historiador Jose-Luis Novo Cazón ou o párroco e escritor Uxío García Amor.

«Estamos moi preto de empezar as festas —que darán comezo hoxe coa Xira na área recreativa da Madalena— e nestes momentos complexos tamén se necesitan para que nos reconforten», dixo o alcalde, que se despediu cun «¡Boas festas!».